



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O
CONCELLO DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA XXII
EDICIÓN DO FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE - OUFF**

En Ourense, a 31 de xullo 2017

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Jesús Vázquez Abad**, na súa calidade de alcalde-presidente do Excmo. Concello de Ourense (en adiante o Concello), con CIF P-3205500-F, con sede na Praza Maior 1, 32005 Ourense.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Axencia poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO.- Que o Concello de Ourense, dende a súa área de Cultura, organiza, como unha importante cita anual no eido audiovisual, as sucesivas edicións do Festival de Cine Internacional de Ourense-OUFF,



un dos eventos culturais de carácter competitivo máis importantes da cidade de Ourense e un dos máis destacados no ámbito galego, que converte a cidade ourensá, durante os días de duración do evento, nunha verdadeira "cidade de cine" na que o público pode gozar de producións cinematográficas non estreadas nos circuitos, de ciclos centrados en actores, directores e cinematografías de prestixio internacional que abrangue numerosas nacionalidades.

Preséntase a de 2017 como unha edición de perfeccionamento e avance nunha nova dirección iniciada en 2016 e que os resultados acadados avalan como correcta. E é que a vixésimo primeira edición do OUFF supuxo un cambio de orientación do festival cara a unha maior especialización no cine iberoamericano para facerse eco da gran vitalidade da sétima arte en países como Arxentina, Chile, Colombia, Portugal, Brasil ou España, pero tamén na intención de traer novos nomes á programación, apostando por unha competición exclusiva para cineastas que encaran o reto do seu primeiro filme, e sempre co compromiso co cine galego como unha das bases irrenunciáveis do festival, potenciando a súa presenza non só coa proxección de películas senón coa implicación directa de actores e directores galegos nas diferentes actividades do OUFF.

TERCEIRO.- Que a Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2017 que profundicen na promoción e potenciación do sector audiovisual galego a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa firme aposta polo audiovisual galego e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a colaboración en actividades relacionadas coa vixésimo segunda edición do Festival de Cine Internacional de Ourense- OUFF, que se desenvolverá do 20 ao 27 de outubro de 2017 en diversos espazos da cidade ourensá, ofrecendo un amplo programa conformado polas seccións competitivas, centradas no cine iberoamericano e de óperas primas, polas retrospectivas dos realizadores Mariano Llinás, Marília Rocha e Jeannette Muñoz e por unha programación paralela que procura potenciar o audiovisual galego coa celebración de sesións dedicadas a realizadores galegos e recollidas de filmes destacados no panorama do cine galego. Outras actividades como o certame "OUFF Escola", de cara a potenciar o uso da lingua galega e a creatividade audiovisual dentro dos centros de ensino non universitario; ou o programa Extramuros, que engloba iniciativas como a exposición "Pequenos cinematográficos" ou o premio ao mellor libro de cine do ano, completan unha edición que terá presenza en toda a cidade pero que, cunha clara intención de descentralización, pretende



expandirse por toda a provincia para posibilitar o acceso ás propostas do Festival ao maior número de espectadores posible.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado **estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.**

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas polo Concello. O Concello designará o persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará as actividades, xestionando calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais, técnicos e humanos necesarios para a súa consecución.

O Concello comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio **a imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente **a participación da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)** no desenvolvemento das actividades conveniadas.

CUARTA.-SEGUIMIENTO DO PROXECTO

Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

O Concello informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións e os informes responderán ao previsto no programa de actividades.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte do Concello actuará como responsable desta comisión o Alcalde-presidente, ou persoa que designe en substitución.



SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, Agadic comprométese a achegar ao Concello a cantidade de **35.000 (trinta e cinco mil) euros, impostos incluídos**, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 10.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, o Concello quedará obrigado á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en tres fases:

- **50%** tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun certificado acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.
- **25% durante o mes de setembro**, coa finalidade de seguir financiando as sucesivas fases do proxecto, para o que a **entidade deberá facer entrega dunha memoria** na que se describan as actividades realizadas ata o momento.
- **25%** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento da actividade presentado no proxecto económico (**75.000 euros**) por parte da entidade, que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

- **Memoria descritiva das actividades desenvolvidas**, con indicación das posibles desviacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio, e das súas causas e incidencias.

- **Memoria económica, con desagregación e explicación** de cada un dos gastos realizados para a realización das actividades, indicando que tales gastos teñen relación co obxecto do convenio. Todas as desviacións ou variacións con respecto ao proxecto económico presentado para a firma do convenio deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria.

- **Xustificantes de gasto, orixinais ou copias cotexadas**, que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo por ventanilla, certificación bancaria...) **selados pola entidade bancaria**.

- Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 300 euros. Neste caso, o pagamento xustificarse mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".

- **Conto á forma de presentación**, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben entregarse **clasificados** segundo os apartados da memoria económica presentada.



Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

O beneficiario ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e do Concello. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso o Concello poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o **Concello de Ourense** acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **19 de decembro de 2017**.

DÉCIMO TERCEIRA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado este documento no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA AGADIC



Jacobo Sutil Nesta
Director

(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/8/2012)

POLO CONCELLO DE OURENSE



Jesús Vázquez Abad
Alcalde-presidente
do Concello de Ourense